



semana DA EDUCACIÓN
2021 Concello de Tomiño



“Educar con emoción, aprender con paixón”

Do 8 ao 11 de febreiro 2021



**Edición
streaming**



Luns 8 febreiro ás 19h
OCTAVIO SALAZAR


Defínese como egabrense, pai dun fillo de 18 anos, republicano, laico e xurista heterodoxo en “proceso de ser feminista” Conta cunha ampla actividade docente e investigadora: é catedrático de Dereito Constitucional da Universidade de Córdoba e responsable do Grupo de Investigación Democracia, Pluralismo e Cidadanía.

Investigador en igualdade de xénero, diversidade cultural e relixiosa, participación, goberno local, novas masculinidades, dereitos LGTBI. Ademais é Investigador principal do Proxecto “Xerando unha interpretación do dereito en clave de igualdade de xénero”, financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (2019-2021), ademais de docente sobre igualdade de xénero en másteres universitarios. Recibiu varios premios de investigación e é autor de diversas monografías relacionadas coa igualdade. Autor e/ou coautor de varias obras literarias e colaborador habitual de medios escritos e dixitais : Diario Córdoba - eldiario.es - The Huffington Post - Tribuna Feminista, - Blog Mujeres de El País, - Diario Público, - Agenda Pública - Revista GQ.

CONFERENCIA:
Educación, feminismo e masculinidades.

Nesta conferencia abordarase como a educación debería incorporar a perspectiva feminista, o que supón ir máis aló da mera coeducación; habería que desenvolver programas específicos de intervención coa mocidade. O obxectivo non sería outro que dar resposta paritaria ao modelo educativo que marca o artigo 27.2 da Constitución Española e vinculalo co reto de como redefinimos as condicións da vida en común.





Martes 9 febreiro ás 19h
ALMUDENA GONZÁLEZ

Profesora Superior de Violoncelo e Música de Cámara polo Conservatorio Superior de Tenerife, ampliou os seus estudos en Barcelona e Ámsterdam. Posteriormente realizou un Máster Degree of Music especialidade de Violoncelo en Bruxelas e un Máster en Xestión Cultural pola Universidade de Alcalá de Henares. É doutora e Premio Extraordinario de Doutoramento 2016 pola Universidade da Lagoa. Actualmente realiza un post doutoramento na Universidade de Madeira sobre música e audiovisual ao mesmo tempo que continúa traballando na súa liña de investigación sobre a conexión e interrelación da música co cerebro.

Analiza os estilos musicais, a interpretación musical e as súas implicacións en campos do coñecemento como a pedagogía musical con modernas técnicas de análises como investigadora externa da ULL no Laboratorio de Neuroquímica e Neuroimaxe.

É autora de artigos de investigación en revistas internacionais con índice de impacto e participa de forma habitual en congresos nacionais e internacionais sobre música e cerebro.

CONFERENCIA

Educar a través da emoción musical: beneficios desde a perspectiva neurocientífica.

A música é unha arte capaz de provocarnos diferentes emocións e no contexto educativo son importantes as súas implicacións e beneficios. Os estudos de neurociencia analizaron estas cuestións en profundidade e esta conferencia ten como obxectivo esclarecer os alicerces da emoción musical na educación. A conferenciante abordará a literatura científica coa música como eixo vertebrador, analizando os diferentes estilos musicais académicos e populares, calidades e aspectos relacionados coa emoción e cognición musical. Profundizará na interrelación dos coñecementos neurocientíficos cos musicais, xa que a unión entre estes dous campos proxecta novos camiños tanto dentro da aula como no ámbito familiar.



gonzalezbritoalmudena@gmail.com
<https://us02web.zoom.us/j/86473056498>



Mércores 10 febreiro
ás 19h
MARTA PEIRANO

Xornalista e investigadora, o seu traballo céntrase na intersección da tecnoloxía, a cultura e a política. Foi fundadora do periódico ADN, da revista Campobase e dos proxectos Copyfight, Cryptoparty Berlin e Hack Hackers Berlin. O seu blog persoal, La Petite Claudine, foi un dos dez máis lidos en español. Volveu a España en 2015 para traballar en eldiario.es como xefa de Cultura e Tecnoloxía e, nos dous últimos anos, adxunta á dirección. En 2015 publicou 'O pequeno libro vermello do activista na rede', imprescindible para xornalistas e o primeiro libro prologado por Edward Snowden. En 2019 publicou "El enemigo conoce el sistema", un ensaio sobre o capitalismo de vixilancia onde conecta a nosa adición ao móbil coa industria dos datos e o control e manipulación de masas. O libro esgotouse en 24 horas e vai pola novena edición; foi elixido polo New York Times como un dos 10 mellores libros en castelán.

Colabora habitualmente coa Sexta e escribe en medios, como El País, eldiario.es e a revista Muy Interesante, onde é columnista dende hai máis dunha década. Conduce unha sección semanal sobre tecnopolítica en Radio Nacional de España. A súa charla TED "Por qué me vigilan si no soy nadie" está a piques de acadar tres millóns de visitas. Fóra dos medios, Marta Peirano é membro do Consello Asesor da Bienal do Pensamento de Barcelona e do grupo de traballo para a ciberdefensa do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional (CESEDEN), o principal centro docente militar conxunto das Forzas Armadas Españolas.

CONFERENCIA:
Como combater a desinformación con campañas de inoculación efectivas

As Redes Sociais convertéronse no vehículo de transmisión perfecta da desinformación. Non é só un problema técnico, que se poida resolver con algoritmos e Intelixencia Artificial. Que ferramentas temos para combatela?



**Xoves 11 febreiro
ás 19h
ALBERTO SOLER**



Alberto Soler está casado e ten tres fillos. É licenciado en psicoloxía e ten un Máster en Psicoloxía Clínica e da Saúde, é Especialista Europeo en Psicoterapia (EuroPsy) e está homologado como Psicólogo Xeral Sanitario. Conta con máis de 12 anos de experiencia en psicoterapia e colaborou en varios espazos de radio, televisión e prensa. É a cara visible do videoblog de divulgación Píldoras de Psicología, que conta con máis de 240.000 persoas seguidoras e miles de reproducións diarias tan só en YouTube. Na actualidade, compaxina a dirección do seu centro privado de psicoloxía para persoas adultas e infancia, con charlas e conferencias sobre educación e crianza. É colaborador do programa Ser Saludable na Cadea Ser, do proxecto Gestionando Hijos, e profesor na Escola Bitácoras. Autor, xunto a Concepción Roger, de “Niños sin etiquetas” (Paidós, 2020) e “Hijos y padres felices” (Kailas, 2017).

CONFERENCIA

Normas, límites, premios e castigos

A maioría estamos de acordo en que queremos educar aos nosos fillos e fillas con grandes doses de amor, agarimo e respecto. Pero sempre hai situacións nas que é necesario establecer algúns límites que os protexan ou para ensinarlles cal é a forma axeitada de comportarse. Entón é cando a moitas familias e docentes asáltanlles as dúbidas: de verdade fan falta as normas e os límites?, cales?, a partir de que idade?, como podemos establecelos de forma clara e respectuosa coas súas emocións? E todo isto lévanos aos premios e os castigos. Xa sabemos, porque o falamos moitas veces, que non son nin a única nin a mellor ferramenta para educar a fillos, fillas ou alumnado pero, si non premiamos nin castigamos, que facemos cando superan eses límites ou incumpren as normas que puxemos?



info@albertosoler.es
<https://us02web.zoom.us/j/86747379119>

Tomino
CONCELLO



semana DA EDUCACIÓN
2021 Concello de Tomiño

PARA MÁIS INFORMACIÓN



<https://tomino.gal/semana-da-educacion-2021/>

OMIX (Campo da Feira. Tomiño)

e-mail: omix@tomino.gal - Tel. 604 062 369



INSCRIPCIÓN GRATUÍTA E CERTIFICADO DE ASISTENCIA

<https://tomino.gal/formulario-semana-de-educacion-2021/>

Inscripción aberta até o 3 de febreiro